PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/RMBV]

Na sala de comisións "Concepción Arenal", do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **7 de xuño de 2024, ás 10:31 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo (Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias (Vicepresidente)
Rosana Pérez Fernández (en substitución de Paulo Ríos Santomé) (Secretaria en funcións)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Cristina Campero Dorado
María Deza Martínez
Julio García Comesaña
(en substitución de María Dolores Hermelo Piñeiro)
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Roberto Rodríguez Martínez
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font

Outros asistentes intervenientes:
María Cristina Fernández Davila (preguntante)
Patricia Iglesias Rey (preguntante)
José Daniel Pérez López (propoñente)

Comparecentes:
Directora Xeral de Urbanismo
Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo
Director Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade
Directora Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático

Letrada:
Purificación López Gómez

[PLG/RMBV]

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria en funcións que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A estes efectos, a presidenta comunica a xustificación de inasistencia á Comisión o día de hoxe de Armando Ojea Bouzo (M).

Asemade dá conta da entrada no Rexistro do documento número 5192, no que a Xunta de Galicia solicita o aprazamento da pregunta núm. 3188 (1.3), aprazamento que se acepta por asentimento.

1.3 3188 (12/POC-000489)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia ante a demanda da instalación dunha pasarela peonil provisional durante as obras contratadas por Augas de Galicia para a reforma da ponte da Milagrosa, en Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 25f2, do 16.05.2024

Aprazada a petición da Xunta de Galicia (documento número 5192)

A seguir, entrase no desenvolvemento da orde do día

Punto 1. Preguntas

1.1 649 (12/POC-000048)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre as inundacións que sofren na súa propiedade dúas persoas de Arbo derivadas das obras dunha estrada que cofinancian o Concello e a Xunta de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á Sra. Fernández Davila (BNG), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz.

En rolda de réplica a Sra. Fernández Davila (BNG) fai determinadas observacións á resposta da directora xeral aportando nova información e facendo novas preguntas ao respecto.

Péchase o debate desta iniciativa coa intervención da directora xeral de Urbanismo, que dá novas explicacións sobre o tema tratado.

A presidenta agradece a súa intervención e despide á directora xeral de Urbanismo escusando

.../...

a súa ausencia da Comisión.

1.2 849 (12/POC-000100)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez López, María Victoria e 8 máis
Sobre a contía do investimento realizado polo Goberno galego para adquirir e rehabilitar inmobles en Ourense no marco do programa Rexurbe
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f2, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao Sr. Marnotes Fernández (P), autorizado para a defensa desta pregunta polos seus autores no documento número 5416, quen procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, Heriberto García Porto, que responde ás cuestións obxecto desta iniciativa.

En rolda de réplica ten a palabra o Sr. Marnotes Fernández (P), que agradece as explicacións do secretario xeral de Vivenda e Urbanismo.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. García Porto que completa a información dada na intervención anterior.

1.4 3944 (12/POC-000584)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do proxecto piloto encargado a Tragsa para determinar o grao de contaminación por lindano no concello do Porriño e as consecuentes medidas de reversión que requiran as augas e os solos afectados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f2, do 22.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á Sra. Castro Rey (S), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, Ramón Martínez Boga, que responde ás cuestións desta iniciativa.

En rolda de réplica ten a palabra a Sra. Castro Rey (S) que aclara puntos da súa intervención anterior e formula novas preguntas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do director xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.

A presidenta agradece a presenza do director xeral e escusa a súa ausencia da comisión.

[PLG/RMBV]

1.5 4699 (12/POC-000666)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre o balance do traballo realizado polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao Sr. Trenor López (P), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, Paula Uría Traba, que procede a dar resposta ás preguntas formuladas.

Na rolda de réplica o Sr. Trenor López formula novas pregunta e solicita aclaracións do respostado na intervención anterior.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención da Sra. Uría Traba que responde ás novas preguntas formuladas e aclara as dúbidas xurdidas.

A presidenta agradece a presenza da directora xeral e escusa a súa ausencia da comisión.

Dá paso ao punto segundo da orde do día.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1846 (12/PNC-000224)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para afrontar os danos ambientais derivados da actividade da mina de San Fins, en Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A presidenta comunica a presentación dunha emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5447) e, a seguir, concédelle a palabra á Sra. Pérez Fernández (BNG), quen -previo abandono do seu posto na Mesa (artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia)- procede á formulación e defensa desta proposición non de lei.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento intervén polo grupo parlamentario emendante o Sr. Trenor López (P), que motiva a presentación da emenda, e polo grupo parlamentario non emendante á Sra. Castro Rey (S), que se posiciona a favor desta proposición.

Péchase o debate desta iniciativa pola Sra. Pérez Fernández (BNG) quen posibilita unha transacción.

[PLG/RMBV]

2.2 3833 (12/PNC-000476)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego no que concirne ao proxecto de construción da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28f1, do 22.05.2024

A presidenta comunica a presentación dunha emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5448).

A seguir, concédelle a palabra ao Sr. Pérez López (BNG), que pasa a dar conta das razóns que levaron a seu grupo á presentación desta proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar polo grupo parlamentario emendante o Sr. Lorenzo Gómez (P), que defende a emenda presentada. A continuación, polo grupo parlamentario non emendante intervén a Sra. Iglesias Rey (S), que se posiciona a favor desta proposta.

Por último o Sr. Pérez López (BNG) fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de comunicar que non a acepta a emenda do grupo parlamentario Popular de Galicia e amosar a súa discrepancia cos seus argumentos.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei que conforman este punto da orde do día, pola orde na que figuran na convocatoria:

2.1 1846 (12/PNC-000224), do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sométese a votación o texto transaccionado, nos termos que coñecen os membros da Comisión, polo que se obvia a súa lectura, que é aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Continuar, tras a revogación da autorización de vertedura, coa tramitación do expediente de caducidade en relación coas concesións de explotación que forman o coñecido como Grupo Mineiro San Finx, no concello de Lousame (A Coruña) dun xeito rigoroso e garantista a fin de protexer os intereses xerais e da Administración

2. Requirir a empresa concesionaria para que execute o proxecto de restauración do dominio público hidráulico, incluíndo a retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas e a restauración ambiental do leito degradado e da contorna das instalacións mineiras, unha vez cumpridos con todos os trámites previstos legalmente, nomeadamente o procedemento de avaliación de impacto ambiental a que está sometido o proxecto.

[PLG/RMBV]

3. Proceder á execución do aval depositado polo titular da explotación no caso de que non cumpra co requirido e acometer, con cargo a ese aval, as medidas de execución subsidiaria que sexan precisas para manter a explotación en condicións de seguridade, incluída a ambiental.

4. No caso de que non se puidesen acometer todas as actuacións para manter a explotación en condicións de seguridade, incluída a ambiental, e no caso de que o aval depositado polo titular da explotación fose insuficiente, requirirlle á empresa concesionaria os fondos precisos a través de todas as vías das que dispón a Administración.»

2.2 3833 (12/PNC-000476), do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta rexeitado por:

- Votos a favor.....7
- Votos en contra.....9
- Abstencións.....0

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:04 horas.

Carmen María Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen María Pomar Tojo
Nº de reconocimiento (DN): cn=Carmen María Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.25 08:45:31 +02'00'

Presidenta da Comisión

Rosana Pérez Fernández

Firmado digitalmente por Rosana Pérez Fernández
Fecha: 2024.06.24 09:37:32 +02'00'

Secretaria -en funcións- da Comisión